

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 23 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se fixan as datas de realización das probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2021, que foron convocadas mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021 (código de procedemento PL500C).

Mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocáronse as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2021 (código de procedemento PL500C) (DOG núm. 52, do 17 de marzo). Segundo se recolle no seu punto terceiro, as probas terán lugar no mes de maio e/ou xuño de 2021, sempre que a evolución da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 o permita. Así mesmo, tamén se sinala que as datas concretas das probas serán debidamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>).

De acordo con isto,

RESOLVO:

Fixar as seguintes datas de realización das probas para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga), convocadas mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021:

– Celga 4, en Santiago de Compostela e en Ponferrada:

22 de maio de 2021, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: Y, Z, A, B, C, D, E e F.

23 de maio de 2021, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: G, H, I, J, K, L, M, N, Ñ e O.

29 de maio de 2021, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: P, Q, R, S, T, U, V, W e X.

– Celga 2, en Santiago de Compostela e en Ponferrada:

30 de maio de 2021, para todas as persoas admitidas.



– Celga 3, en Santiago de Compostela e en Ponferrada:

5 de xuño de 2021, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: Y, Z, A, B, C, D, E, F, G, H, I, J e K.

6 de xuño de 2021, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: L, M, N, Ñ, O, P, Q, R, S, T, U, V, W e X.

– Celga 1, en Santiago de Compostela:

12 de xuño de 2021, para todas as persoas admitidas.

Os centros e horarios de realización das probas, así como as listaxes definitivas de persoas admitidas para cada nivel e localidade, poderán consultarse na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias>). Así mesmo, na web tamén se publicará a porta de acceso ao centro e mais a aula que lle corresponde a cada persoa para a realización da proba escrita. No caso daquelas persoas ás cales, atendendo a causas xustificadas, se lles concedese algún tipo de adaptación ou apoio, a Secretaría Xeral de Política Lingüística comunicaralles directamente o día, a porta de acceso e aula correspondentes.

Respecto da proba oral de cada nivel Celga, lémbrese que esta será posterior á proba escrita. A hora concreta en que cada persoa deberá estar presente para realizar esta proba publicarase no centro correspondente, así como na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias>), unha vez que remate a proba escrita.

Debido ás circunstancias excepcionais derivadas da pandemia da COVID-19, co fin de protexer a saúde propia e a dos demais, todas as persoas que se van presentar ás probas deberán respectar as seguintes medidas:

– Tanto o día previo á proba como o día da proba, deberán tomar a súa temperatura e observar se teñen síntomas respiratorios. As que presenten síntomas compatibles coa COVID-19, as que fosen diagnosticadas coa enfermidade e as que estean en illamento ou corentena por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 10 días non poderán acudir á proba.

– Ademais do documento de identificación persoal (DNI, NIE ou pasaporte) e dun bolígrafo, deberán ir provistas de máscara (cirúrxica ou FFP2), que lles tape o nariz e a boca.



Recoméndase o uso de xel hidroalcohólico individual, ben que no centro haberá dispensadores de xel para a hixiene das mans.

– Manterán a distancia de seguridade de 1,5 metros.

– Presentaranse na porta de acceso correspondente entre as 8.00 e as 8.45 horas e dirixiranse á súa aula seguindo os sinais establecidos e as indicacións do persoal da organización. Non se permitirá a entrada de acompañantes nin doutras persoas alleas á proba, agás no caso daquelas que precisen asistencia.

– Respetarán todas aquelas outras medidas que se establezan e publiquen na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias>), co fin de garantir un desenvolvemento seguro de todo o proceso.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística

